

## MOCIÓN SOBRE A IMPLANTACIÓN DA GRATUIDADE NO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A PERSOAS MENORES DE 18 ANOS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


No pasado mes de maio, o Presidente da Xunta de Galicia anunciou publicamente a posta en marcha dunha nova medida de marcado carácter social e que consistirá na introdución da gratuidade no transporte metropolitano interurbano para as persoas menores de 18 anos.

Coa devandita medida o Goberno de Galicia pretende acadar varios obxectivos, entre os que destacan o de promover o transporte público e a súa accesibilidade; axudar á economía das familias ampliando as axudas xa existentes -que supoñen aforros medios de arredor de 600 euros anuais e a bonificación adicional ás familias numerosas-, mais tamén pretende educar ás persoas menores no uso do transporte colectivo.

A aplicación desta nova medida social, cun investimento anual previsto de 2 millóns de euros por parte do Goberno galego, suporá que arredor de 250.000 mozas e mozos galegos menores de 18 anos se poidan beneficiar dela; e será especialmente relevante para a infancia e a mocidade de ensinanza non obrigatoria, para a que o transporte escolar non é gratuito. Deste xeito, amplíase agora ata os 18 anos a gratuidade nos desprazamentos aos centros educativos e esténdese a gratuidade do transporte noutros desprazamentos habituais.

Porén, este Grupo Municipal entende que a aplicación desta importante medida no ámbito sobre o que a Xunta de Galicia ten competencia, isto é, sobre o transporte metropolitano interurbano das áreas da Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, debера completarse coa súa extensión ao ámbito do transporte urbano, no que este concello ten competencia exclusiva, reforzando así a transcendencia dunha medida social entre a veciñanza de Santiago de Compostela.

En atención a estas consideracións, desde o Grupo Municipal Popular propoñemos, para a súa valoración polo Pleno, o seguinte



## ACORDO

***O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a promover as medidas que sexan necesarias para que, desde a data da entrada en vigor da gratuidade do transporte metropolitano interurbano ás persoas menores de 18 anos, estas tamén poidan beneficiarse da mesma gratuidade no transporte urbano no noso concello.***

Santiago, a 10 de xuño de 2016

Claudio Montiel Carracedo  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular